

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

**Programación**

**Repentización e acompañamento ICPRB**  
**curso 2018-2019**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía .....</b>	<b>5</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade .....</b>	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais .....</b>	<b>6</b>
	4.1 Educación en valores .....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	7
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>7</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso .....</b>	<b>8</b>
	6.1 Curso: 1º.....	8
	6.2 Curso: 2º.....	14
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>18</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>19</b>
<b>9.</b>	<b>ANEXOS .....</b>	<b>19</b>
	9.1 Probas de acceso ao 2º curso.....	19
	9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	20



## 1. Introducción

---

O estudio do acompañamento no novo plan L.O.E. abrangue tres cursos para as especialidades de piano , acordeón e crave, e dous para guitarra e instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco (ICPRB), iniciándose despois do derradeiro curso da disciplina de Harmonía que terá servido como base para adquirir uns coñecementos indispensables para abordar esta nova materia.

A práctica musical que se realiza baixo o nome de acompañamento caracterízase pola necesidade de interrelacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globaliza-los diversos compoñentes que a integran ( lectura a vista, transposición, realización de cifrados, etc...). De acordo con isto, nos contidos básicos na disciplina dentro de esta especialidade hai que outorgar un lugar prioritario á ensinaza da práctica do baixo contínuo, destreza básica e indispensable para os intérpretes de instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco, e disciplina directamente relacionada coa práctica musical dentro da música de cámara, orquesta barroca, ou acompañamento a solistas. Os procedementos ou modos de saber facer, que se ben resultan de natureza diversa, artículanse en torno a tres eixos principais:

- Destreza na técnica de execucion
- Plena comprensión dos coñecementos harmónicos, recoñecemento do cifrado e recoñecementos dos diferentes estilos
- Capacidade creativa .

No referente a destreza na técnica de execución , entendemo-la como o grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determinan, adquirida por suposto

mediante a práctica diaria o longo dos anos iniciais da educación instrumental e que acompañamento virá a potenciar; ó mesmo tempo e fundamental a comprensión dos conceptos armónicos adquiridos durante os dous cursos do grao profesional, que lle permitirán rapidez e facilidade no seu emprego, e que unido a súa capacidade creativa poderan desenvolverlos e apicalos en situacións diversas. Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso práctico de consolidación do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar íntimamente relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda cando na práctica debe ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

- Práctica da lectura a vista como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que permitan ó instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando o propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto a época e estilo a que pertenza, tratando non soamente de incrementa-la capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprende-lo sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso a lectura a vista está estritamente relacionada coa análise, o que, pola súa vez, depende de toda unha serie de coñecementos eórico-prácticos previamente adquiridos.
- Realización do baixo continuo, como pilar fundamental da formación dos alumnos que cursan especialidades vinculadas á música antiga, especialmente no caso de aqueles que tocan instrumentos dos denominados harmónicos (tecla e corda pulsada). O estudio desta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por existir un certo grao de creatividade, supón un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

- Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, a execución de acompañamentos e contrapuntos sinxelos, exercicio indispensable para un continuísta.
- Asimilación e comprensión da práctica do baixo continuo paralelamente á linguaxe particular de cada un dos instrumentos dos que dispoña o alumno/a (guitarra barroca, laúde, tiorba...) atendendo as cuestións harmónicas e aportando destrezas adquiridas a través do mesmo repertorio do instrumento.

## 2. Metodoloxía

---

A selección dos principios metodolóxicos e didácticos son esenciais, xa que marcarán o camiño a seguir na actuación do profesor no proceso didáctico.

- Consideración das capacidades e características do alumnado.
- Identificación dos esquemas de coñecemento que posúa o alumnado para a actuación consecuente, adaptando así os seus procesos cognitivos ó proceso didáctico.
- Promover a actividade do alumnado.
- Contribuír ó desenvolvemento da capacidade de autoaprendizaxe.
- Crear un clima de aceptación mutua e cooperación.

### 3. Atención á diversidade

---

A necesidade dunha atención individualizada, xorde do feito de que todos os alumnos son diferentes e cada un necesita unha atención especializada. Unha programación aberta ten o propósito de atender á diversidade. Partindo desta formulación, esta atención específica verá determinada por variables como por exemplo; as capacidades, os coñecementos previos, a atención, a motivación, particularidades físicas, etc. A ensinanza de interpretación require dunha constante adaptación ás características específicas de cada alumno co propósito de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. En canto ó alumnado con necesidades educativas especiais será preciso instrumentalizar as medidas de atención para a educación de alumnos que, por diversas razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades cos medios que habitualmente están a disposición do Centro.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado. En todo caso, esas adaptacións respectarán no esencial os obxectivos fixados no currículo oficial.

### 4. Temas transversais

---

#### 1.1 Educación en valores

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudo concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do currículo. Constarán como

temas transversais relacionados coa educación en valores os seguintes:

- Educación moral e cívica: Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.
- Educación para a paz: Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas da Música no mundo.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos: Fomando grupos mixtos, inculcando valores de igualdade, e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.

## 1.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A constante presenza das TIC's no mundo actual, fai importante tamén a presenza das mesmas na aula. Así, aproveitaremos os recursos dispoñibles para explorar e dar a coñecer ó alumnado as posibilidades que nos proporcionan os distintos medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Internet, gravación, edición de son, edición de partituras, acceso a partituras de dominio público...)

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

- Participación nas audicións de alumnos que se realicen durante o curso.
- Participación nos cursos, intercambios e demais actividades que se programen durante

o curso.

- Asistencia a concertos tanto dentro como fora do centro.

## 6. Secuenciación do curso

---

### 1.3 Curso: 1º

#### 1.3.1 Obxectivos

- Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Adquirir e desenrolar a práctica da armonía dende o instrumento.
- Comenzar a práctica do baixo contínuo basándose no repertorio no barroco italiano temprano.
- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Coñecer o cifrado de acordes, a súa evolución histórica e a súa aplicación práctica sobre o instrumento.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como un acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.



- Conseguir desenrolar a capacidade para realizar o baixo continuo a primeira vista.
- Demostra-los reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Contribuir a mellorar a capacidade e os coñecementos de improvisación e acompañamento do alumno, potenciando o desenvolvemento dunha escoita crítica e en tempo real que permítalle interactuar con o/os solista/s.
- Coñecer e empregar a terminoloxía propia da materia.

### 1.3.2 Contidos

- O baixo continuo: definición e evolución histórica.
- Baixo cifrado e baixo figurado.
- Basso seguente.
- Os grados da escala
- Os acordes.
- Introducción as normas do baixo continuo. Estilo barroco italiano temprano.
- Conducción das voces.

- Os instrumentos e agrupacions de continuo.
- Práctica do baixo continuo.
- Práctica da lectura a vista
- Repentización dunha partitura acompañando a un solista.
- O acorde perfecto e de quinta
- O acorde de sexta
- Cadencias habituais:
  - retardo 4 3
  - 8 7
  - 8 7

### 1.3.3 **Avaliación.**

#### Criterios de avaliación

- Realizar baixos cifrados atendendo a correcta conducción das voces e respetando as características estilísticas do estilo italiano.
- Harmonizar baixos sen cifrar atendendo a correcta conducción das voces e tendo en conta as características propias do estilo.

- Desenrolar esquemas armónicos fixos e baixos ostinatos.
- Identificar auditivamente os principais elemento morfolóxicos da harmonía tonal
- Amosar capacidade para abordar individualmente o estudio do baixo continuo.
- Amosar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.

#### Mínimos esixibles

Para a superación do primeiro curso o alumno deberá entender e saber realizar todos os contidos expresados

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

##### Procedementos:

- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento na clase, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

##### Ferramentas:

- Diario de aula.

- Boletín de cualificacións.

#### Criterios de cualificación

A avaliación será continua, e valorarase o grao de asimilación dos contidos ao longo do curso, así como a solvencia progresiva e a destreza á hora de realizar exercicios a vista. Valorarase a destreza no momento de acompañar música en conxunto, a un solista, fragmentos orquestais ou mesmo partes de baixo continuo contidos no propio repertorio da materia de música de cámara, atendendo á capacidade de improvisación e realización de sinxelos procedementos harmónico-contrapuntísticos co instrumento. A calificación final obterase da valoración conxunta e ponderación dos seguintes apartados:

- Realización a vista de exercicios propostos polo profesor extraídos de obras de estilo barroco italiano temprano. (40%)
- Interpretación dun baixo cifrado preparado de antemano. (40%)
- Asistencia a clase, actitude e interese pola materia. (20%)

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para ampliar matrícula o alumno deberá superar amplamente os obxectivos do curso.

### 1.3.4 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

O alumno suspenso que se presente á recuperación deberá facer unha proba composta polos dous exercicios seguintes:

- Realización a vista de exercicios propostos polo profesor extraídos de obras de estilo barroco italiano temprano.
- Interpretación dun baixo cifrado preparado de antemano.

#### Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non supere a materia no mes de Xuño, terá un exame de recuperación no mes de Setembro, co repertorio traballado durante o curso.

### 1.3.5 Recursos didácticos

Recursos materiais:

- O centro disporá dunha guitarra barroca, un lúde renacentista e unha tiorba para as clases, o estudo e, ocasionalmente, o préstamo aos alumnos.
- Cordas e trastes de reposto e outros materiais de mantemento para estes instrumentos.
- Partituras de libre acceso na biblioteca.
- Atrís.
- Metrónomo.
- Afinador con posibilidade de selección de temperamento.
- Bancos ou outros sistemas de axuda á colocación do instrumento.

- Cadeiras de diferentes tamaños ou regulables para cubrir as necesidades de todos os alumnos.
- Equipo de música.
- Espello das dimensións necesarias para que o alumno poida traballar sobre a súa postura corporal.

#### Programas informáticos:

- Edición de partituras e tablaturas: Fronimo, Django, Finale e Sibelius.

#### Bibliografía:

- AGAZZARI, Agostino. *Del sonare sopra il basso con tutti stromenti*, Siena, 1607, facs. Forni, Bologna, 1969 y A.M.I.S, Milán, 1971.
- BARTOLOTTI, Angelo Michele. *Table pour apprendre facilment à toucher le theorbe sur la basse continue*, París, 1669.
- *Cadenze e passaggi diversi intavolati per tiorba dal manoscritto estense G 239* (s. XVII). Edición a cargo de Tiziano Bagnati.
- CAMPION, Francois: *Traite d'accompagnement*, París 1716 y 1730, facs. Minkoff, Génova, 1977 DALLA CASA, Filippo. *Regole di musica*, ms. Bologna, 1759, facs. SPES, Florencia, 1984.
- DANDRIEU, Jean-Francois. *Principes de l'accompagnement du clavecin exposez dans des tables*, París, Bayard/Vernade/Castagneri/Corrette, ca.1719.

- DELAIR, Denis. *Traite d'accompagnement pour le theorbe et le clavecin*, París, 1690, facs. Minkoff, Génova, 1972.
- FLEURY, Nicolas. *Méthode pour apprendre facilement a toucher le théorbe sur la basse continue*, París, 1660, facs. Minkoff, Génova, 1972.
- GRENERIN, Henry. *Livre de theorbe*, París, 1668, facs. Minkoff, Génova, 1984. Estudos modernos de baixo continuo
- CHRISTENSEN, J. B. *Fondamenti di prassi del basso continuo nel secolo XVIII*, trad. de M. L. Baldassari, Bolonia, Ut Orpheus, 2003.
- NORTH, Nigel. *Continuo Playing on the lute, archlute and theorbo*, Londres, 1987.
- BOQUET, Pascale y REBOURS, Gérard. *50 Renaissance & Baroque Standards*. Anne Fuzeau Productions.

## 1.4 Curso: 2º

### 1.4.1 Obxectivos

- Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Adquirir e desenrolar a práctica da armonía dende o instrumento.
- Comenzar a práctica do baixo continuo basándose no repertorio no barroco italiano temprano.
- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos

e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.

- Coñecer o cifrado de acordes, a súa evolución histórica e a súa aplicación práctica sobre o instrumento.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como un acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Conseguir desenrolar a capacidade para realizar o baixo continuo a primeira vista.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Contribuír a mellorar a capacidade e os coñecementos de improvisación e acompañamento do alumno, potenciando o desenvolvemento dunha escoita crítica e en tempo real que permítalle interactuar con o/os solista/s.
- Coñecer e empregar a terminoloxía propia da materia.

#### 1.4.2 **Contidos**

- Continuación e desenvolvemento dos contidos do curso anterior.
- O cifrado. Diferentes sistemas.
- Diferencias coa notación actual.
- Práctica de lectura a vista.



- Repentización dunha partitura acompañando a un solista.
- Práctica camerística en formaciones diversas.
- O retardo da sexta 7 6
- O acorde de sexta e cuarta 6 4
- O acorde de sétima e as súas inversions

### 1.4.3 **Avaliación**

#### Criterios de avaliación

- Realizar baixos cifrados atendendo a correcta conducción das voces e respetando as características estilísticas do estilo italiano.
- Harmonizar baixos sen cifrar atendendo a correcta conducción das voces e tendo en conta as características propias do estilo.
- Desenrolar esquemas armónicos fixos e baixos ostinatos.
- Identificar auditivamente os principais elemento morfolóxicos da harmonía tonal
- Amosar capacidade para abordar individualmente o estudio do baixo continuo.
- Amosar solvencia na lectura a primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.

### Mínimos esixibles

Para a superación do segundo curso o alumno deberá entender e saber realizar todos os contidos expresados

### Procedementos e ferramentas de avaliación

#### Procedementos:

- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento na clase, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

#### Ferramentas:

- Diario de aula.
- Boletín de cualificacións.

### Criterios de cualificación

A avaliación será continúa, e valorarase o grado de asimilación dos contidos ao longo do curso, así como a solvencia progresiva e a destreza á hora de realizar exercicios a vista.

Valorarase a destreza no momento de acompañar música en conxunto, a un solista, fragmentos orquestais ou mesmo partes de baixo continuo contidos no propio repertorio da materia de música de cámara, atendendo á capacidade de improvisación e realización de sinxelos procedementos harmónico-contrapuntísticos co instrumento. A calificación final obterase da valoración conxunta e ponderación dos seguintes apartados:

- Realización a vista de exercicios propostos polo profesor extraídos de obras de estilo barroco italiano temprano. (40%)
- Interpretación dun baixo cifrado preparado de antemano. (40%)
- Asistencia a clase, actitude e interese pola materia. (20%)

#### [Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

Para ampliar matrícula o alumno deberá superar amplamente os obxectivos do curso.

### 1.4.4 **Medidas de recuperación**

#### [Procedementos de recuperación ordinarios](#)

O alumno suspenso que se presente á recuperación deberá facer unha proba composta polos dous exercicios seguintes:

- Realización a vista de exercicios propostos polo profesor extraídos de obras de estilo barroco italiano temprano.
- Interpretación dun baixo cifrado preparado de antemano.

#### [Probos extraordinarias de setembro](#)

O alumnado que non supere a materia no mes de Xuño, terá un exame de recuperación

no mes de Setembro, co repertorio traballado durante o curso.

#### 1.4.5 Recursos didácticos

(Véxase apartado 6.1.5)

## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

- Inicial: Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel.
- Continua: Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza- aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.
- Sumativa ou final: Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitiranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Así mesmo debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a tra-

vés da autoavaliación e a coavaliación para impulsar a autonomía do alumnado, a súa implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Desta forma, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación.

## 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

O departamento a través das reunións regulares dos membros realizará avaliacións de seguimento das agrupacións de conxunto, cámara e orquestras. A división das distintas formacións se fará o principio de curso tendo en conta criterios de curso, idade, posibilidade horaria (alumnos de mañá o tarde), madurez e destreza do instrumento e adecuación das formacións. No caso de alumnos con problemas realizar unha posible adaptación do curriculum contando co profesor que imparte a materia. Tamén queda aberta a posibilidade de cambio no caso de que algún dos integrantes teña serias dificultades, o que por imponderables as situacións aconsellen un cambio de grupo.

## 9. ANEXOS

---

### 1.5 Probas de acceso ao 2º curso

#### Contidos

- Repentización dunha partitura acompañando a un solista.
- O acorde perfecto e de quinta
- O acorde de sexta
- Cadencias habituais:
  - retardo 4 3
  - 8 7
  - 8 7
  - 4 3
- O retardo da sexta 7 6
- O acorde de sexta e cuarta 6 4
- O acorde de sétima e as súas inversions

### Criterios de avaliación e cualificación

A calificación final obterase da valoración conxunta e ponderación dos seguintes apartados:

- Realización a vista de exercicios propostos polo profesor extraídos de obras de estilo barroco italiano temprano. (50%)
- Interpretación dun baixo cifrado preparado de antemano. (50%)

## 1.6 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

O alumno aspirante debe de obter polo menos un 9 na especialidade instrumental e lograr un certo grao de excelencia académica. O ser o premio de carácter voluntario, debe de chegar a un acordo o alumno co profesor titor sobre a conveniencia de presentarse á proba. O existir un solo profesor no conservatorio especialista de cada materia de antiga, deberíase contar o criterio do mesmo para confeccionar o tribunal examinador.